

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Ministerio de Fomento vén de licitar o tramo da A76 Requejo(León)-A Veiga de Cascallá (Rubiá). O tramo está situado entre outros dous en proceso de redacción: o de A Veiga de Cascallá-O Barco e o de Villamartín de la Abadía-Requejo.

Ten 10,70 kilómetros de lonxitude e un custe sen IVA estimado para a execución das obras de 184.458.941 euros.

O tramo discorrerá por un lugar de grande importancia paisaxística e ambiental como é a Serra da Enciña da Lastra, catalogada como parque natural, e atravesará o río Sil, en Covas.

Ademais, o trazado desta infraestrutura, que pretende unir Ponferrada con Ourense, discorrerá a través da Ribeira Sacra, co que isto pode supoñer de agresión ao medio ambiente e poñendo en perigo a súa declaración como Patrimonio da Humanidade.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que ^{esixa} ao Ministerio de Fomento, a paralización inmediata desta infraestrutura e que se abra un novo prazo para estudar trazados alternativos para os tramos licitados e en proceso de redacción que respecten os espazos naturais, ambientais e turísticos afectados.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 19/01/2016 12:28:34

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 19/01/2016 12:28:42

Ramón Vázquez Díaz na data 19/01/2016 12:28:46

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 19/01/2016 12:28:49

Eva Solla Fernández na data 19/01/2016 12:28:52

Jose Javier Ron Fernandez na data 19/01/2016 12:29:00